

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE MARZO DE 2007

### 2.- Solicitudes de licenzas de obras.

#### FAVORABLES.-

**2362/06.- Marcos Antonio Martínez Torea.-** Nave industrial sen usona parcela B-48 do SUNP-34 de Boisaca.-

**568/05.- Manuel Munín Noya.-** Viv.unif. en Piñeiro, núm.12.-

**129/07.- Rafaela C. Gómez-Casero Herrera.-** Reestructuración edificación sita na Rúa do Avio núm.9.-

#### PRÓRROGA.-

**386/07.- José Manuel Giadans Nieves.-** Rehabilitación viv. unif. na Rúa de Eixo de Abaixo núm.15.-

#### CADUCIDADE DE LICENZA.-

**1442/05.- Silvestre M. Peón Pérez.-** Viv.unif. en Camiño de Lermo.-

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

**414/07.- Raigaño, S.L.-**.....Expte...606/01.....11.442.296 ptas.....68.769,58 €.-

**422/07.- Marcos Vázquez Castro.-**.....Expte...2622/04.....2.000 €

### OCIHR LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/946/2006.-ZOAR Residencial SL.-** Reforma de edificio existente para vivenda unifamiliar na rúa San Lourenzo.

**Lic/1640/2006 RR Dominicas do Mosteiro de Santa María de Belvís.-** Rehabilitación de vivenda, reedificación de edificio anexo e recuperación do patio na praza de Belvís, nº3.

### 5.- Dar conta do proxecto de apertura de gardería infantil na rúa Boisaca. SUNP-34. (LAP 479/06).

Dáse conta do devandito proxecto.

### 6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse diversas axudas de carácter social.

### 7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase inicialmente axuda para unha vivenda e definitivamente para dúas vivendas e dous locais comerciais.

### 8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á concesión do apoio do concello a un proxecto empresarial como iniciativa local de emprego.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial presentado por Fátima Pombo Romero como iniciativa local de emprego.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á reordenación de conceptos retributivos.**

Apróbase a reordenación de conceptos retributivos a persoal municipal.

**10.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico e Rehabilitación relativa á prórroga dos convenios de cooperación transnacional do proxecto PAGUS-AL, financiado pola Comisión Europea.**

Apróbase a prórroga do convenio de cooperación transnacional do proxecto PAGUS-AL, de xeito que a nova data límite, tanto para documentos de gasto como de pago, será o 15 de maio de 2007.

**11.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico e Rehabilitación relativa á prórroga do convenio do proxecto PAGUS, financiado polo FEDER.**

Apróbase a prórroga do convenio de cooperación transnacional do proxecto PAGUS, de xeito que a nova data límite, tanto para documentos de gasto como de pago, será o 15 de maio de 2007.

**13.- Adxudicación da Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de Ordenación Funcional no núcleo de CANTEIRA.**

Adxudícase a devandita asistencia técnica á empresa PROYFE, SL, por importe de 29.950 euros.

**14.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das Obras de substitución de rede de Abastecemento na rúa MALLOU.**

Apróbase o proxecto redactado polo arquitecto municipal do servizo de proxectos e obras e do prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 59.991,58 euros.

**15.- Adxudicación do Subministro de vestiario para o persoal da Brigada municipal de PARQUES e XARDINS.**

Adxudícase o subministro do citado vestiario para 17 efectivos, á empresa POSIMAR, SL, por un importe total de 9.485,83 euros.

**16.- Adxudicación do Subministro e instalación de sinalización informativa de LARAÑO.**

Adxudícase á empresa API, S.A, por un importe de 6.505,98 euros.

**17.- Adxudicación do Subministro de fotocopiadora para a POLICIA LOCAL.**

Apróbase o gasto.

**18.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de sinais para a instalación nas rúas Juan Carlos I, Virxe da Cerca e outras.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 30.000 euros.

**19.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de ampliación da rede intranet de Servizos Sociais.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 24.766 euros.

**20.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Reforzo do firme na vía pública R-23-IV a LAMASCAL, incluídas no POS 2007 da Excm. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbase o inicio do expediente de contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 269.750,74 euros.

**21.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Reforzo do pavimento en BARGO, incluídas no POS 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 117.497,75 euros.

**22.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Reforzo do firme na vía pública M-8-IV en GRIXOA, incluídas no POS 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativa particulares aprobado polo Pleno da Deputación provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 215.739, 97 euros.

**23.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Sustitución da rede de Abastecemento na rúa de VIDÁN, incluídas no POS 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativa particulares aprobado polo Pleno da Deputación provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 58.655,85 euros.

**24.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de mobiliario para as pistas deportivas de Volta do Castro, Campo da festa de Roxos, Campo da Festa de Arins, Choupana e Campo de fútbol de Cesar.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 28.164 euros.

**25.- Adxudicación do Subministro de cámara de visión térmica para o Servizo de Extinción de Incendios.**

Apróbase o subministro.

**26.- Adxudicación do Subministro e instalación de estores ignífugos na Escola Infantil de Fontiñas.**

Apróbase o gasto (11.492,76 euros).

**27.- Adxudicación das Obras de limpeza de cunetas e desbroce en parroquias do SECTOR NORTE (febreiro 2007).**

Adxudícanse as obras á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 59.798 euros.

**28.- Adxudicación das Obras de mantemento e conservación de beirarrúas na zona de FONTIÑAS.**

Adxudícanse as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS, SL, por importe de 59.940 euros.

**29.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación dunha Asistencia técnica para a realización dos traballos de Modificación do CATASTRO URBANO de Santiago de Compostela.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para a contratación dunha asistencia técnica para a actualización do inventario do catastro urbano de Santiago por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 198.000 euros/ano.

**30.- Aluguer de local na parroquia da Barciela para uso como Centro Sociocultural.**

Apróbase o aluguer do local por un importe de 490 euros/mes.

**31.- Revisión do importe por beneficiario do contrato de asistencia sanitaria para o persoal funcionario do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase a revisión do importe de acordo á variación do IPC, establecéndose en 25,68 euros por beneficiario e mes.

**32.- Proposta da concelleira delegada da Muller relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o mantemento do centro de atención a mulleres vítimas de violencia, dependente do Concello.**

Apróbase a sinatura do devandito convenio, polo que a Vicepresidencia achegará 15.696,64 euros para os gastos de persoal e correntes derivados do funcionamento e mantemento do centro.

**33.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de diversos convenios de colaboración entre o Concello e asociacións de carácter social.**

Apróbase a sinatura e o texto dos convenios de colaboración entre o Concello de Santiago e: a Cociña Económica (10.517 euros); a asociación galega para a axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer-AGADEA (3.606 euros); a asociación de viúvas "Rosalía de Castro" (4.000 euros); a asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela (8.000 euros); e a asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos de enfermos mentais (4.000 euros).

**34.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do cambio de titularidade dunha parcela no expediente de expropiación para o saneamento da conca do río Aríns.**

Acórdase o cambio de titularidade da parcela número 199.

**35.- Dar conta polo concelleiro delegado de Promoción Económica de corrección de erro no punto nº 33 da sesión de 5 de marzo de 2007, relativo ao programa "MARZO MES DO COMERCIO".**

Dáse conta do erro.

**36.- Dar conta pola concelleira delegada da UMAD da sinatura do convenio de cooperación entre o Concello de Santiago de Compostela, a Consellería de Sanidade e o SERGAS para o desenvolvemento dos programas de tratamento de drogodependencias.**

Dáse conta do convenio, que conta cun orzamento de 505.093 euros.

## **URXENCIAS**

**1.- Obras de acondicionamento dos terreos públicos do lugar de MOAS DE ARRIBA (FIGUEIRAS).**

Apróbase o proxecto, prego e inicio do expediente de contratación por un importe de 59.699 euros.

**2.- Obras de reurbanización da rúa NOVA DE ABAIXO.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa AQUAGEST, por un importe de 797.854,63 euros e un prazo de execución de 1,5 meses.

**3.- Obras de substitución da rede de abastecemento na Avenida de Castelao.**

Adxudícanse as obras á empresa AQUAGEST, por un importe de 199.821 euros e un prazo de execución de 2 meses.

**4.- Obras incluídas no proxecto básico e de execución de reforma do campo de fútbol de Santa Isable (2ª fase).**

Adxudícase a obra á empresa JOSCON, por importe de 331.829,94 euros e un prazo de execución de 7 meses.

**5.- Obras de construción dunha escola infantil no POLÍGONO DO TAMBRE.**

Apróbase o proxecto e o inicio do expediente de contratación, por un importe de 574.327,76 euros e un prazo de execución de 10 meses.